



FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

ASEMBLEAS XERAIS DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Os asembleístas da Federación Galega de Caza déronse cita o pasado sábado, día 29 de abril de 2006, na aula da sede da Federación Galega de Caza, en Santiago de Compostela; para celebrar dúas Asembleas Xerais Extraordinarias.

Na primeira, celebrada ás 11 h., modificáronse varios artigos dos Estatutos da FGC, para adaptalos á Orde da Consellería de Cultura e Deporte, do 3 de abril de 2006 (DOG do 24/04/06), pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

Na segunda, celebrada ás 12 h., acadáronse os seguintes acordos:

- Aprobouse a convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral, a Presidente e á Comisión Delegada.
- Aprobouse o Regulamento electoral.
- Aprobouse o Calendario electoral.
- Elixiuse a Xunta Electoral Galega.